



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
Rúa do Hórreo, 65
15700 Santiago de Compostela
valedor@valedordopobo.gal

Estimada Sra.:

Como en anteriores ocasións, dirixímonos a vostede para solicitar mediación e amparo ante a reiterada **falta de transparencia e obstrución do labor da oposición** por parte do actual equipo de goberno no Concello de Ourense, e nomeadamente do alcalde D. Gonzalo Pérez Jácome.

En 2021 dende o grupo socialista municipal trasladámoslle que existían un total de 154 solicitudes de información pendentes de resposta por parte do alcalde ou do seu grupo de goberno. Tales preguntas foran recollidas en actas das xuntas de área do Concello e reiteradas en numerosas ocasións sen que existise resposta oral nin escrita á meirande parte delas.

Por este motivo, no mes de decembro de 2021, a Valedora procedeu, en base á nosa solicitude, á apertura do **expediente de queixa N.9.Q/9876/21**. Trala notificación ao Concello de Ourense, en data 10/01/2022 dende a Alcaldía de Ourense recoñeciase a "demora" na resposta ás preguntas formuladas e sinalábase que se deran "instrucións" ao persoal do gabinete de axilizar estas respostas.

En marzo dese ano, os grupos da oposición, incluído o grupo socialista, enviaron un comunicado conxunto aos medios de comunicación denunciando esta falta de información. En abril de 2022, transcorridos catro meses dende que o Concello adquirise o compromiso de resposta ás solicitudes de información da oposición a instancia da Valedora, o grupo socialista existrou outra queixa solicitando de novo a súa intervención urxente.

Tal misiva foi atendida pola Valedora, que no mes de outubro de 2022 dirixiu un escrito ao grupo socialista sinalando que **o Concello rexeitara o contido dunha das recomendacións** nos termos nos que esta fora formulada dende a institución que vostede representa.

Concretamente, a súa recomendación instaba ao Concello á habilitación dun "*programa de xestión informática para concelleiros que permitise o acceso aos expedientes dixitalizados para os casos nos que se atopa legalmente recoñecido o dereito directo de acceso á documentación*".

Catro meses máis tarde, vémonos na obriga de solicitar de novo o seu amparo. **Dende o inicio deste mandato, en 2019, levamos rexistradas de xeito telemático un total de 218 peticións de información** (49 en 2019; 72 en 2020; 62 en 2021; 35 en 2022 e 23 no que vai de 2023) **das cales máis do 50% seguen pendentes de responder**. A estas cómpre sumar un gran número de solicitudes formuladas en xuntas de área e nos plenos municipais, algunhas das cales xa lle trasladamos na nosa correspondencia anterior.



Actualmente, a relación de preguntas e solicitudes pendentes de resposta por parte da Alcaldía e formuladas durante o ano 2022 polos representantes do grupo municipal socialista na **Xunta de Área de Urbanismo, Administración Xeral e Loxística ascende a 114** (das cales 43 pertencen á área de Urbanismo, 55 ás de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Transparencia E Loxística e 16 á de Cultura, Educación, Promoción Económica e Persoal).

Á actitude obstrucionista do labor fiscalizador da oposición mediante a falta de resposta ás preguntas e solicitudes de información formuladas vía rexistro electrónico, en xuntas de área e mesmo no pleno municipal, cómpre sumar a desatención da obriga legal do goberno local en canto á publicación trimestral dos contratos menores no Perfil do Contratante, incumprindo así a **Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público** (LCSP), concretamente no relativo ás obrigas de publicidade e información na periodicidade establecida pola norma e regulada na Instrución do Concello de Ourense relativa aos Contratos Menores, aprobada pola **Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2018**, que no seu apartado terceiro contempla o seguinte:

"O Perfil do Contratante do Concello de Ourense está aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público do Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do artigo 347 apartados 2 e 3 da LCSP. De acordo co previsto no artigo 63.4 da LCSP, a publicación da información (obxecto; duración; importe de adxudicación, incluíndo o IVE e identidade do adxudicatario) dos contratos menores no Perfil do Contratante deberá realizarse alomenos trimestralmente, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario."

A día de hoxe, **o goberno local de Ourense leva case un ano, dende abril de 2022, sen publicar os contratos menores**. De feito, dende a oposición consideramos, e así o temos denunciado en numerosas ocasións, que esta é unha manobra premeditada por parte da Alcaldía, dado que existe un abuso sen precedentes desta figura no noso Concello.

A gravidade desta cuestión, que repercute de xeito directo e negativo sobre a transparencia e rendición de contas na xestión pública, non só dificulta aínda máis o noso labor como oposición no relativo ao control da actuación do goberno, senón que tamén vulnera a lei en relación aos límites da contratación menor co consecuente prexuízo para as arcas públicas municipais.

Ante esta situación crítica, que non ofrece expectativas de mellora a curto prazo, **o grupo municipal socialista agradece a súa mediación, intervención e amparo**.

En Ourense, 7 de febreiro de 2023

Natalia González Benítez
Voceira do grupo municipal socialista do Concello de Ourense
Praza Maior, s/n 32005 Ourense
gmunicipal@ourense.gal